

XII edición
Peregrinos
Musicaís en
Santiago



Páxina 5

“Avanoa, el
musical” con
‘ADN coruñés’



Páxina 7

Oito concellos
de Lugo
mellorarán os
seus polígonos
empresariais



Páxina 11

Avanza o proceso
de constitución
da AECT Raia
Seca- Xurés-Gerês



Páxina 13

A Festa do Polbo
do Carballiño xa é
de Interese
Turístico
Internacional



Páxina 14



“O ministro de Agricultura analiza as industrias agroalimentaria e gandeira na Ribeira Sacra”

Páxina 9

Entrevista



Antonio Rodríguez Miranda
Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia

“O presidente Alfonso
Rueda é un gran coñecedor
da Galicia Exterior”

Páxina 2

25 de xullo

Día de Galicia



caixaruralgalega.gal



Entrevista

Por Roberto Mansilla Blanco

Antonio Rodríguez Miranda | Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia

"O presidente Alfonso Rueda é un gran coñecedor da Galicia Exterior"

Antonio Rodríguez Miranda (Allariz, 1967) ten desde 2012 a responsabilidade de dirixir a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia.

Con el falamos da nova etapa que se presenta para a Galicia Exterior con Alfonso Rueda na presidencia do goberno galego.

A Xunta de Galicia inicia unha nova etapa con Alfonso Rueda na presidencia. Manterase a mesma liña de actuación dende a súa Secretaría Xeral?

Si, evidentemente. O actual presidente é un gran coñecedor da Galicia Exterior porque nas súas anteriores responsabilidades sempre estivo moi cerca dos emigrantes galegos, visitándoos a miúdo. Mantén así ese espírito de apoio que xa é unha realidade dende a época de Gerardo Fernández Albor. O noso traballo segue a selo mesmo: apoiar aos galegos de exterior que se atopan nunha situación complexa, estar sempre ao carón dos centros e casas de Galicia e traballar en prol do retorno.

Que balance en materia de relación coa Galicia Exterior pode ofrecernos sobre a etapa Feijóo ao fronte da Xunta?

As cifras o din todo: a etapa de Alberto Núñez Feijóo supuxo un impulso ás políticas de retorno a través da posta en marcha da Estratexia Retorna en 2018 que permitiron que, ata o de agora, superemos os 25.000 retornados nos últimos anos. Tamén foi unha época de traballo moi intenso cos nosos galegos do exterior, especialmente dende 2020, cando a pandemia agravou situacións delicadas dalgúns dos nosos galegos en países cunha capacidade

máis reducida para afrontar a crise sanitaria.

Xacobeo 21-22. Que proxectos se están levando a cabo dende a súa Secretaría Xeral co respecto á difusión nos centros galegos do exterior?

Levamos dous anos a traballar de xeito intenso coas entidades, facilitándolles información, axudándolles a organizar eventos de promoción do Camiño, apoiando as súas iniciativas e coa nosa presenza, pero tamén agradecéndolles a súa implicación, que está a ser moita, para levar o nome do Camiño ao longo de todo o mundo. De feito, máis dun centenar de entidades son xa oficialmente centros promotores do Camiño de Santiago, o que nos enche de orgullo.

O Congreso dos Deputados acaba de aprobar a supresión do voto rogado. Isto implica cambios na participación electoral para a diáspora. Que nos pode comentar sobre isto?

Para nós, como Goberno galego, esta reforma supón unha verdadeira satisfacción xa que eliminará o requisito de rogar o voto, que era unha demanda histórica dos galegos do exterior. Deste xeito, apóstase por un sistema áxil, seguro e transparente para facilitar o acceso ao voto a tódolos galegos residentes fora de Galicia. É de xustiza que se aposte por un pro-

cedimento que facilite a participación sen minuar as garantías. Este 9 de xullo é o Día da Galicia Exterior. Un día antes convocárase a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas. Como observa a implicación da diáspora galega nestes organismos?

De xeito moi positivo, porque é evidente que sen a súa colaboración non poderíamos conseguir todo o que estamos a por en marcha nos últimos anos. A súa implicación é esencial porque eles son os que mellor coñecen as necesidades que xorden en cada momento en cada país, e os que poden ir dándonos as pautas de mellorar nos aspectos que máis se necesitan.

É evidente que existen cambios xeracionais na diáspora galega. Dende a súa Secretaría Xeral, que programas estanse acometendo para implicar a estas novas xeracións na súa relación con Galicia?

Somos conscientes de que existen eses cambios xa que, en América e Europa, moitos dos nosos galegos son xa persoas nadas naqueles países. Estamos a levar a cabo unha importante transformación dixital dos nosos contidos e das nosas actividades para que se sentan máis integrados, e tamén estamos a contar con xente nova moi implicada, do que Berlín



pode ser un moi bo exemplo de nacemento dun centro galego pequeno nunha cidade na que tradicionalmente non existía.

Tamén está o tema do retorno, cos consecuentes cambios demográficos para Galicia. Que programas específicos leva a cabo a súa secretaria Xeral nesta materia?

Un dos máis importantes é sen dúbida a creación da Oficina de Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, a través da cal informase, acompáñase e apóia-se ao retornado. Os nosos programas enfócanse directamente en 3 eidos: a formación a través das bolsas de Excelencia Mocidade Exterior Beme para atraer aos mellores expedientes do exterior ás nosas universidades e así fixen a súa residencia en Galicia para traballar e emprender; o propio emprendemento a través do apoio aos retornados que poñen en marcha as súas iniciativas empresariais; e o apoio social, de cara a aportar unha axuda a quen, tralo seu re-

torno a Galicia, necesite un reforzo económico transitorio.

En perspectiva global, pode Galicia constituírse nun referente a nivel internacional en materia de relación coas diásporas?

Por suposto. O Goberno autonómico leva moitos anos traballando coas entidades galegas do exterior, e elas con nós, para que Galicia se constrúa en todo o mundo, dende Nova Iork ata Caracas, Berlín ou Sevilla. As nosas liñas de apoio e axuda aos nosos residentes no exterior están a ser, de feito, pioneiras e, en moitos casos, incluso referencia para outras comunidades autónomas e o propio Goberno Central. Ademais, contar con medio millón de galegos no exterior, cun sentimento tan forte de pertenza, arraigo e cariño a Galicia é unha oportunidade única para a nosa terra, xa que nos axuda a ser máis competitivos, non só no económico, senón tamén no industrial, no turístico e no propio coñecemento.

FUCO PRADO





Melilla, a OTAN...e Feijóo

O Mediterráneo estase convertendo nunha verdadeira 'dor de cabeza' para a política exterior de Pedro Sánchez. Toda vez a atención estaba practicamente concentrada no 'histórico' Cumio da OTAN en Madrid, a traxedia humana no salto da valla de Melilla, que causou 23 migrantes mortos, define unha complicada situación para a coalición PSOE-Unidas Podemos.

As turbulentas relacións con Marrocos foron levemente apaciguadas polo apoio español ao plan saharauí de Rabat. Pero isto implicou unha inmediata relación de causa-efecto: a crise bilateral con Alxeria, defensor da causa saharauí e o principal socio enerxético español. Engadido a isto estivo o escándalo Pegasus de espionaxe co software israelí, unha manifestación máis das tristemente célebres "cloacas do Estado" do que o propio Sánchez non

pode escapar. E agora o drama migratorio en Melilla. A ONU criticou a "brutalidade policial" marroquí que Madrid vese na obriga de silenciar convenientemente, quizais coa intención de non provocar outra crise diplomática con Rabat.

En paralelo, mentres a coalición sofre sendas derrotas electorais en Castela A Mancha e Andalucía, o PP de Feijóo agarda mobilizar ao seu favor a intención de voto, toda vez a vicepresidenta Yolanda Díaz non descansa en catapultar a súa candidatura vía peso político.

Melilla obrigou a "apretar filas" entre o PSOE e Unidas Podemos coa intención de "salvar os mobles" de cara ao cumio da OTAN. Aquí Sánchez alcanzou a súa ansiada foto con Biden pero o "militarismo rampante" trazado neste cumio (preténdese elevar o gasto militar ao 2% do PIB ata 2029) xa provocou roces entre Sánchez e



PODEMOS, que criticou estes acordos como unha "submisión" aos designios de Washington.

Neste panorama, Feijóo "saca peito" de centrismo político tralo contundente triunfo de Moreno en Andalucía así como da contención electoral a VOX. Pero isto

aborda unha interpretación que paga a pena calibrar: se estamos ante un contexto que condicione a Sánchez e Feijóo en aras de preservar o equilibrio político e institucional, 'acicalando' un bipartidismo herdeiro do sistema do 78 cada vez máis cuestionado.

Isto anuncia un "outono quente" no acontecer político mentres a cidadanía sofre con índices de inflación superiores ao 10%. E á volta da esquina están as eleccións municipais de maio de 2023. A coalición na Moncloa mantense in extremis para frear a presión de Feijóo e de VOX por propiciar un incerto adianto electoral. Non é un escenario cómodo, porque as rúas corren o risco de 'quentarse' toda vez a "OTANización de Europa" anunciada (e instaurada de facto) por Biden en Madrid implica que hai guerra para rato, con gasto militar en crescendo para os próximos anos.

Aldea Global

BRICS+ vs OTAN/G7: un novo equilibrio global?

Occidente está atrapado nostálxicamente con políticas de 'contención' obsoletas, esta vez contra a integración do Sur Global. Unha rémora da política de contención de Winston Churchill, hoxe co 'tecnofeudalismo' fabricado por Occidente a través do G7 e a OTAN.

O exemplo máis recente e significativo desta integración do Sur Global foi a presentación de BRICS+ no cumio online da semana pasada organizada por China. Nos cinco interlocutores dos BRICS históricos (Brasil, Rusia, India, China, Sudáfrica) atopamos un microcosmos do Sur Global, que abarca o Sueste Asiático, Asia Central, Asia Occidental, África e América do Sur.

En Beijing abordouse un dos temas clave que os BRICS discute desde a década do 2000: o deseño e implementación dunha moeda de reserva internacional. Para 2030, unha cuarta parte da demanda de petróleo do planeta provirá de China e India, con Rusia como principal proveedor. O "RIC" (Rusia, India, China) dentro dos BRICS simplemente non pode correr o risco de quedar excluído

dun sistema financeiro dominado polo G7.

Na súa etapa actual, os BRICS representan o 40% da poboación mundial, o 25% da economía mundial, o 18% do comercio mundial e contribúen con máis do 50% ao crecemento económico mundial. Xa se está discutindo activamente un "sistema rexional paralelo" entre a Unión Económica de Eurasia (EAEU) e China.

As iniciativas de China

O que suceda na fronte financeira transeuroasiática procederá en paralelo cunha estratexia de desenvolvemento chinesa ata o de agora pouco coñecida: a Iniciativa de Desenvolvemento Global (GDI), creada en 2015 e anunciada polo presidente Xi Jinping na Asemblea Xeral da ONU en 2021. GDI pode verse como un mecanismo de apoio da Iniciativa da Ruda da Seda (Belt and Road, BRI), que consiste en corredores económicos que interconectan Eurasia ata a súa península occidental, Europa.

O GDI ten como obxectivo impulsar a cooperación internacional para o desenvolvemento complementando o financiamento dunha gran cantidade de organismos,

por exemplo, o Fondo de Cooperación Sur-Sur, a Asociación Internacional de Fomento (AIF), o Fondo Asiático de Desenvolvemento (ADF) e o Fondo para o Medio Ambiente Mundial (FMAM). As prioridades inclúen redución da pobreza, seguridade alimentaria, resposta e vacinas contra o COVID-19, industrialización e infraestrutura dixital. Estableceuse

ben pode reducirse a un Estado insignificante para fins de 2022; así como "previr unha fame negra catastrófica" segundo afirmou o chanceler alemá Olaf Scholz.

Por outra banda, o papel da UE, con Alemaña, Francia e Italia dentro do G7, é particularmente instructivo, especialmente agora que Gran Bretaña volveu ao status dun estado insular intrascen-



un grupo de Amigos de GDI a principios de 2022 e xa atraeu a máis de 50 países.

Pola súa contra, o principal obxectivo declarado do cumio do G7 realizado nos Alpes bávaros a finais de xuño é "proxectar a unidade" en "apoio" sostible e indefinido" a un Estado ucraíno que

dente. Os xefes dos gobernos nacionais (Macron, Scholz, Draghi) son meros executores. Non se permite ningún debate democrático. O goberno real exerceo un puñado de apparatchiks elixidos por compromiso entre os poderes executivos, actuando dunha maneira supremamente opaca.

A perspectiva de Occidente é simplemente unha confrontación dura en Asia-Pacífico, rebautizada como "Indo-Pacífico", unha copia ao carbón da Ucraína, deseñado para conter BRI e GDI de China. Pola súa banda, os BRICS significan multilateralismo de facto; centrarse no desenvolvemento global; cooperación para a recuperación económica; e mellorar a gobernanza mundial.

A estratexia de EE.UU representa a mentalidade da Guerra Fría; explotando aos países en desenvolvemento; agruparse para conter a China; e unha política de "EE.UU primeiro" que consagra a "orde internacional baseada en regras" monopolistas.

Os BRICS dependen cada vez menos do estilo occidental de facer negocios e das regras occidentais para as institucións monetarias, financeiras e comerciais internacionais. Prefiren métodos máis equitativos que non fagan depender ningún proceso do papel dominante do dólar ou dalgunha outra moeda. É un equilibrio serio ante as pretensións unipolares do G7/OTAN.

Artigo resumido de Pepe Escobar (Asia Times)

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Os viadutos do palco do Bernabeu

Xa dixemos moitas veces nesta columna que un dos elementos dominantes do *deep state* que manexa as decisións fundamentais no Estado español é o lobby construtor-concesional radicado en Madrid, que foi quen de i) priorizar as grandes obras radiais de infraestrutura das autovías e alta velocidade sobre esquemas alternativos doutros eixos viarios (atlántico, cantábrico ou mediterráneo) e sobre os investimentos en novas tecnoloxías da comunicación e I+d+i empresarial e ii) asumir os mellores contratos de concesión de servizos públicos. Todo ilo no prexuízo das empresas construtoras e concesionais galegas e doutros territorios do Estado. Para os efectos que hoxe nos cumpren foron as grandes construtoras madrileñas (nomeadamente a FCC entón

das Koplowitz, ACS de Florentino Pérez e OHL de Villar Mir) as que monopolizaron as adxudicacións das obras da autovía A-6 de acceso á Galicia dende a Meseta castelá nos anos 90 dos século pasado.

O viaducto d'O Castro na A-6 foi construído por unha UTE empresarial con maioría de dous terzos de FCC e recibido polo Ministerio de Fomento no 2002. No verán de 2021 foron detectados problemas de construción que non coñecemos aqueladamente polo escurantismo do Goberno do Estado, ficando curta a A-6, que houbo ser substituída por unha estrada N-VI que non da feito para garantir os tránsitos. E os días 7 e 16 neste mes de xuño de 2022 caeron cadanseus vanos do viaduto, sendo real a ameaza de derrubo dun terceiro.

A influencia deste lobby proxéctase sobre a lexislación vixente entón e arestora. As dúas só fan responsábel á construtora dos danos na estrutura por defectos agachados manifestados nos primeiros quince anos dende a data de recepción de cadansúa



infraestrutura, polo que, agás circunstancias excepcionais, o Estado non poderá obter indemnización da construtora nin tampouco da enxeñaría autora do proxecto (que só resposta por danos manifestados nos dez anos posteriores á data de recepción). Se-

mella que ten razón Ana Pontón (BNG) cando di que esta obra se rematou hai 20 anos e non 200. Non teñen sentido no 2022 prazos tan curtos para a exhibibilidade de defectos de execución ou de proxecto na obra pública.

Mais o rechamante de toda esta trapa-llada Marca España é o absoluto escurantismo do Ministerio de Fomento sobre as causas e responsabilidade na ruína dunha obra pública fulcral para o tránsito de mercadorías. Como xa pasou coa catástrofe do Alvia no 2013, PP e PSOE, o bipartidismo dinástico, colaboran conscientemente para garantir a impunidade das grandes empresas construtoras, concesionais, de distribución eléctrica e bancarias que teñen a súa sede na capital do Estado cando incumpren as súas obrigas legais e contractuais.



A ruptura do pacto constitucional

A fronte do unionismo español sobarda todas as medidas posíbeis de centralismo e desprezo pola personalidade nacional de Galicia. Vox quiere suprimir a limitada autonomía do noso Estatuto e Cs quiere que o Congreso estatal aprobe unha proposición non de lei abertamente inconstitucional, pois que propón suprimiren o termo "nacionalidades" no artigo 2 da Constitución, para que só fiquen nel recoñecidos como rexións os territorios todos do Estado. Tamén Galicia.

O termo "nacionalidades" na vixente Constitución de 1978 refírese só ás nacións (Galicia, Euskadi e Catalunya) que plebis-

citaron afirmativamente cadanseu Estatuto de Autonomía antes de que chegase a terríbel represión franquista. A Disposición Transitoria Segunda da Constitución recoñeceu, en clara conexión coa devandita definición, o dereito de Galicia, Euskadi e Catalunya a aprobaren un Estatuto ao abeiro dun sistema bilateral, paccionado, no que cadansúa Asemblea de Parlamentarios aprobou un proxecto e o negociou de ti a ti coa Comisión Constitucional do Congreso, no canto do sistema de aprobación dos outros Estatutos, nos que as Cortes Xerais tramitaban cadansúa proposta case como a de calquera lei orgánica.

Sucedu que as forzas políticas unionistas e, nomeadamente o *deep state* do lobby construtor-concesional, das grandes distribuidoras eléctricas e bancos e dos altos corpos da Administración civil e militar turraron por aguar este café autonómico das nacións sen Estado para repartir un cativo café para todos, a medio dun moi matinado programa lexislativo que igualou competencias por abaixo a medio da garantía estatal de cumprimento do Dereito europeo, as transferencias ás Comunidades de vía lenta para igualar os teitos acadados polas nacionalidades e do abuso de cláusulas xurídicas usadas reviradamente, como a unidade de mercado, a igualdade de dereitos entre os cidadáns ou os alicerces e coordinación da política

económica estatal. Cóctel múltipel que foi abenzoado, unha vez si e moitas outras tamén, por ese tan caseiro árbitro que é o Tribunal Constitucional.

Hoxendía é evidente que as forzas políticas recentralizadoras (PP, Cs, Vox, PSOE e non poucas persoas encadradas en UP e satélites), canda o reaccionario Estado profundo están a liquidar o autogoberno-e financiamento- das nacionalidades, rachando o pacto constitucional que os garantía nun plano de bilateralidade Galicia-Estado.

Deste xeito, o réxime do autogoberno que a Constitución e o Estatuto lle recoñeceron ao noso País ficou desnaturalizado. Velaí que o vindeiro Estatuto galego terá de xurdir doutros alicerces constitucionais.

Homenaxe cívico a Pablo González Mariñas, un dos artífices do goberno autonómico galego

Unhha comisión conformada por representantes dos sectores da economía, da política, da universidade e da cultura e a sociedade galega en xeral homenaxearon na Coruña este 8 de xullo a Pablo González Mariñas, quen fora Conselleiro da Presidencia da Xunta de Galicia entre 1987 e 1989 durante o goberno tripartito de Fernando González Laxe, polo seu labor como artífice e construtor do goberno autonómico galego.

González Mariñas recibiu unha Homenaxe Nacional "en recoñecemento polo seu legado e contribución ao autogoberno de Galicia". No acto participaron representantes políticos e da sociedade civil, entre

eles o ex vicepresidente da Xunta e líder do BNG, Anxo Quintana, o ex conselleiro do PP Xesús Palmou, a voceira nacional do BNG, Ana Pontón, e o líder do Bloque na Coruña, Francisco Jorquera, entre outros. O acto realizouse tamén en conmemoración do 40º aniversario do Estatuto de Galicia e das primeiras eleccións ao Parlamento galego.

O acto, que tivo lugar no Restaurante Árbore da Veira do Monte de San Pedro, foi presentado por Xanina Fernández Otero. Interviron Antonio Carlos Pereira Menaut, catedrático de Dereito Constitucional as honorem da USC; Marta García Pérez, profesora titular de Dereito Administrativo

da UDC e Xulio López Valcárcel, poeta, ensaísta e crítico literario, ademais do propio homenaxeado.

Nado na cidade herculina en 1944, González Mariñas foi fundador do Partido Galego Independente, unha formación do nacionalismo centrista que terminou integrado na Unión de Centro Democrático (UCD) e, posteriormente, tamén fundador de Coalición Galega. Destacou tamén por formar parte da comisión redactora do Estatuto de Galicia en 1982. González Mariñas foi tamén profesor de Dereito Administrativo nas Universidades da Coruña e de Santiago así como deputado autonómico nas listas da UCD.



No súa ampla e prolífica traxectoria pública, González Mariñas promoveu a Lei de Coordinación das Deputacións, puxo en marcha a Escola Galega da Administración Pública, contribuíu co deseño normativo da Valedoría do Pobo e do Consello de Contas e promoveu tamén a creación da Policía Autonómica.

XII edición Peregrinos Musicais en Santiago

A capital de Galicia será un ano máis un referente para os amantes da música clásica. O Festival Peregrinos Musicais programará diversos eventos musicais, todos eles gratuítos. A directora do Museo das Peregrinacións e de Santiago, María Esperanza Gigirey Liste, o Director Xeral de Cultura, Anxo Manuel Lorenzo, o director da Real Filharmonía, Maximino Zumalave e Ilona Timchenko foron os encargados de presentar o evento.

Os concertos, que terán lugar na Praza de Mazarelos, realizáranse en dúas fases: os días 12, 13 e 14 de xullo; e os días 22 e 24 de xullo e do 29 ao 31 de xullo con motivo das Festas do



Apóstolo. A organización recadará donativos á entrada das programacións para entregar de forma íntegra a Cruz Vermella. Tamén haberá concertos no Teatro Principal, na Igrexa de San Francisco e no Auditorio de Galicia.

No Festival participarán músicos de gran talento de Portugal, Países Baixos, Turquía, Alemaña e España. Na fase final de concurso os gañadores optarán a un premio económico final de 1.000 euros por votación do público.

A Coruña amplía as Zonas de Especial Afluencia Turística

O Concello da Coruña aprobou no pleno ordinario do mes de xullo, a proposta de Zonas de Especial Afluencia Turística na cidade, proposta que dotará dunha maior flexibilidade horaria aos comercios ubicados en ditas zonas.

Estes espazos son: Zona monumental: Cidade Vella: Igrexa de Santiago; Colexiata de Santa María do Campo; Igrexa de San Jorge; Igrexa de Santo Domingo; Praza de Azcárraga; Praza das Bárbaras; Praza de María Pita. ; Galerías da Mariña; Torre de Hércules; Murallas século XVII; Xardín de San Carlos; Castelo de San Antón; Coruña Modernista; Casa Picasso.

Centro da cidade e Monte



Alto: Zona de concentración hotelera; Zona de concentración hostaleira; Zona comercial; Zona de recepción de cruceiros; Zona de rutas marítimas; Portos deportivos; Dársena de autobuses; Paseo do Parrote; Xardíns de Méndez Núñez; Museo de Belas Artes; Casas Museo; Praias: Riazor, Orzán e Matadoiro.

Outras: Estadio de Riazor; Cemiterio de San Amaro.

Períodos de flexibilización horaria: Nadal (1 de decembro a 8 de xaneiro). Entroido (venres anterior a domingo posterior). Semana Santa (venres anterior a domingo posterior). Período estival (15 de xuño a 15 de setembro).

Presentación do libro "Periplo al Maluco" no Castelo de San Antón



O Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón acolleu o acto de presentación do libro 'Periplo al Maluco: La Casa de Contratación de Especiería. A Coruña 1522-1529', unha obra escrita por Santiago Juega Puig que rende homenaxe ás viaxes comerciais de expedición que, no contexto do século XVI, tiveron no porto da Coruña o seu punto de saída, rumbo ao Océano Pacífico e á conquista das apreciadas especias das illas Molucas.

No acto participou o concelleiro de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego do Concello da Coruña, Jesús Cellemín, quen sinalou que a obra "fai fincapé na idiosincrasia das persoas do mar, e as súas heroicas xestas, que chegaron ata os nosos tempos" e recordou "que acontecementos tan significativos como as viaxes transoceánicas son moi significativos para A Coruña polo seu ADN, indubidablemente marítimo e portuario".

ANTOMS



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Entrevista

Por Moncho Mariño

Miguel Sande: “Os nomes non importan cando xogas coas sensacións”

Miguel Sande é o autor da novela *O Negociador*, un libro dividido en catro historias vividas desde o interior dos seus protagonistas dos que só coñeceremos as súas impresións mentres transcorren os feitos. Non coñeceremos os seus nomes, non saberemos nada deles, mais o deseño da trama íranos introducindo nuns feitos que foron reais e que aínda hoxe re-

aparecen na memoria colectiva, o secuestro máis longo de ETA. Miguel Sande é xornalista de profesión e fóra do xornalismo ten publicado poesía, narrativa e ten escrito obras teatrais, quedando finalista cunha delas no Premio Nacional de Teatro Calderón de la Barca en 1984, convocado polo Instituto das Artes Escénicas, do Ministerio de Cultura.



-O teu libro *O negociador* está baseado nuns feitos reais acontecidos hai xa décadas. Como coñeciches o protagonista da túa novela?

O relato ten como base un secuestro real que non é o centro da trama e a novela está dividida en catro historias. Hai un protagonista en cada historia e cada unha delas vese como cada un foi desenvolvendo a súa vida despois do feito principal. O protagonista é unha persoa real especialista na resolución de conflitos e coñecino precisamente nun curso sobre resolución de conflitos laborais. Dedicouse á resolución de conflitos en centros penitenciarios e foi contratado por sindicatos de funcionarios de prisións. É un profesional neste campo, non é un político. Isto é importante porque me axudou a elaborar a novela pois o negociador non xulga a ninguén, é obxectivo. Ten diante un conflito que tenta non xulgar nada.

-Contactaches con persoas que colaboraran con este negocia-

dor?

Si, houbo contacto polas dúas partes. Díciache que a novela está dividida en catro historias e o negociador protagoniza a primeira. A novela en si é un xogo de sensacións e perspectivas. Sensacións íntimas porque non hai nomes en ningún momento, porque poñerlle nomes sería como darlle data de caducidade e iso restaría interese. A novela está escrita desde a perspectiva de hoxe, case trinta anos despois dos acontecementos reais, e o feito de xogar coas sensacións que garda este home, esas sensacións manteranse sempre vivas. Xogo coas perspectivas dunha banda e doutra, porque a verdade non hai só unha cara, hai moitas caras segundo a perspectiva desde onde te sitúes. En relación aos contactos, un deles é un personaxe secundario na primeira historia e pola contra, na segunda é o protagonista, de aí o xogo de perspectivas. Este último despois é programador informático que acaba traballando para un fondo

de investimento. A vida é un labirinto complexo, ás veces damos coa saída e outras veces non. Ese é o xogo da novela. A terceira parte son os mesmos protagonistas máis vinte e cinco anos despois. A última parte é unha performance teatral onde participan xeracións posteriores, fillos desas persoas. Se fago un resumo, é un xogo de sensacións e perspectivas.

-Como consegués poñerlle rostro a un personaxe sen nome nun texto escrito?

Xa se fixeron novelas así. Non todas as historias están narradas desde a primeira persoa, por exemplo a terceira historia é narrada en terceira persoa. Cando partes do persoal máis xogas coas sensacións é moi doado. Esas sensacións están para que os demais se identifiquen con elas e as fagan propias. Os nomes non importan cando xogas coas sensacións. Se xogas con feitos narrados con descrições, entón si, case necesitas nomes, mais se só son sensacións, non é tan im-

portante. Traballei coas sensacións porque as negociacións, os acordos políticos e demais están moi tratados. Entón a min interesábame a parte máis literaria, as sensacións, aquelas partes que non aparecen nos documentos, eses puntos aparentemente menores, quíxen recollelos. Tiven a sorte de que mos contasen en primeira persoa.

-Durante a túa recollida de datos e no proceso de escritura apareceron datos descoñecidos polo grande público?

Ao mellor os contactos que non se recollen no momento e si se rexistran na novela sen nomes. Mais como se ten chegado á negociación non se explica. O protagonista da segunda historia é un dos contactos que aparecen na primeira parte e canda el unha muller nun motel onde comezan as primeiras conversas, logo aparece un frade dun coñecido san-

tuario vasco. É un intento por recoller todos estes puntos mentres que outras persoas se centran en aspectos como as negociacións, aquilo que coñecemos todos.

-O protagonista da primeira parte, o negociador, continúa en activo?

Penso que si. Durante moito tempo despois continuou dedicándose a resolver secuestros, mesmo secuestros exprés. É un home peculiar, vive nun lugar illado e ten unha vida de película. É moi difícil contactar, nunca apareceu en prensa. Só falei con el durante o curso, mais logo pasaron anos detrás del e non conseguín nada até que a base de ser presado, supoño, conseguín arrincarlle frase a frase por correos electrónicos, nunca por teléfono. Pouco a pouco foi contando e de aí saquei as sensacións que lle quedaban aínda daqueles días.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

“Avanoa, el musical” con ‘ADN coruñés’

Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, presentou a obra 'Avanoa, el musical', unha obra de teatro local, orixinal e inédita, integramente cantada en directo, e que se estreará o próximo xoves 6 de outubro no Teatro Colón e que conta coa colaboración do Concello por tratarse dunha obra "con ADN coruñés".

'Avanoa, el musical' está composto de 14 cancións escritas por Juan José López Romero, Gabriel Nieto Peñamaría e Arturo Bermúdez Cachaza. A adaptación teatral é obra de Sara Pérez Fandiño. O musical está producido por Valana Producciones, unha compañía coruñesa.

A obra conta a historia de Ca-



navar e Masina, fundadores dunha empresa dixital, e o seu conflito con Ratsy, directivo da compañía e partidario dun uso máis agresivo da tecnoloxía. A aparición da personaxe de Kai provocará "situacións extraordinarias que cambiarán para sempre as súas vidas",

apuntaron os autores durante a rolda de prensa.

As entradas xa están dispoñibles a través da plataforma en liña de Ataquilla ou na páxina web da obra e nos despachos de billetes do Teatro Colón e da praza de Ourense.

A Coruña celebrou o Día do Deporte



Milleiros de cidadáns participaron no Día do Deporte na Cidade con dúcias de modalidades deportivas diferentes desde deportes náuticos como a vela, o kayak e o windsurf ata o fútbol, pasando por outros moitos como béisbol, hockey, tenis, petanca, esgrima, taichí, patinaxe en liña, xadrez, golf, tiro con arco, baloncesto, balonmán, ximnasia, boxeo, halterofilia e moitos máis. Houbo

tamén espazos especialmente deseñados para o deporte adaptado, co fin de facilitar a práctica deportiva a todas as persoas.

O Día do Deporte na Cidade estendeuse a distintos barrios para facilitar o achegamento dos cidadáns: na praia de Oza, na praza Brancar Quiroga, na Cidade Deportiva de Riazor, en Méndez Núñez e en Tabacos, todos eles cunha grande afluencia de público.

XXV Trofeo Internacional de Halterofilia

A Coruña acolleu este 2-3 de xullo a edición número 25 do Trofeo Internacional de Halterofilia Cidade da Coruña. Esta competición está organizada polo Concello da Coruña e a Federación Galega de Halterofilia.

Participaron deportistas de

sete países e diferentes categorías para competir no pavillón municipal dos Rosales. Nesta 25ª edición estarán presentes deportistas de Dinamarca, Alemaña, Hungría, Portugal, Malta, Reino Unido e España, ademais dunha selección da Federación Galega de Halterofilia. Tamén

participarán deportistas do Club Halterofilia Coruña.

O Trofeo Internacional de Halterofilia Cidade da Coruña xa é un clásico do calendario deportivo da cidade. Na súa estrea, en 1996, asistiron tres países europeos e tres comunidades autónomas.

A Deputación aposta polo xadrez e o golf

Adeputada de Deportes, Cristina Capelán Cancelo, vén de anunciar a publicación das bases dos primeiros torneos de xadrez e de golf organizados pola institución provincial en colaboración coas fe-

deracións destas dúas disciplinas.

O 'I Torneo Open Internacional de Xadrez Deputación da Coruña' terá lugar do 4 ao 11 de setembro en Sada. Repartiranse 13.050 euros en premios.

Por outra banda, a área de

Deportes traballa na organización do 'I circuito Pitch & Putt Deputación da Coruña' que se desenvolverá en diferentes sedes e datas: A Coruña (setembro), Paderne (outubro), Boiro (novembro) e Oroso (decembro).

Cea do Deporte



Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, presidiu a Cea do Deporte, recuperada polo Concello tras sete anos de ausencia, á que asistiron centos de persoas no Palacio dos Deportes.

A Cea do Deporte premiou a Irene Martínez Santiago, atleta do Club Halterofilia Coruña que se proclamou campioa de España de halterofilia en 59 kg., acadando o seu décimo terceiro título en 14 anos. Na categoría que reconece ao mellor adestrador, homenaxeouse ao coruñés Juan Copa, á fronte do Hockey Club Liceo que se proclamou campión da OK Liga 2021-22 a semana pasada. Ademais, e na

categoría que reconece ao mellor xuíz ou árbitro, premiou ao colexiado Carlos Cortés Rey, que nesta tempada superou o medio milleiro de encontros arbitrados na Liga ACB de baloncesto. Tamén foi homenaxeado un clásico do fútbol coruñés, o Sin Querer, que se atopa celebrando o seu centenario. Por último, Purificación Fernández e Jesús López Castaño foron homenaxeados por ser dous dos usuarios máis longevos das Escolas Deportivas Municipais. Inés Rey tamén se lembrou durante a súa intervención de Nacho Lobón, un dos fundadores do CRAT, que faleceu o xoves.



MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

Redacción A CORUÑA

Unidade de Muller no HM La Esperanza

HM Hospitales puxo en marcha a Unidade da Muller en HM La Esperanza en Santiago de Compostela, cun investimento superior aos 200.000 euros. A iniciativa xurdiu coa finalidade de centralizar nun único espazo o diagnóstico e tratamento de patoloxías que poden afectar á saúde feminina en calquera etapa vital, simplificando e optimizando os procesos terapéuticos.

O seu cadro médico está conformado por un equipo multidisciplinar que agrupa a especialistas en Radioloxía, Cirurxía Xeral e Xinecoloxía (incluíndo o Instituto Galego de Xinecoloxía), xunto a profesionais de HM CIOCC e da Unidade de Patoloxía Ma-



maría de HM Rosaleda. Á fronte da Unidade da Muller están a Dra. Saichy Edlen Díaz e o Dr. José Núñez, médicos radiólogos do Hospital HM Rosaleda.

HM Hospitales é o grupo hospitalario privado de referencia a

nivel estatal, con capital 100% nacional e que conta na actualidade con 5.000 traballadores laborais repartidos en 42 centros asistenciais. En Galicia dispón de 4 hospitais con máis de 250 camas e 23 quirófanos.

Libro sobre a orixe galega de Cristóbal Colón

A pedagoga galego-venezolana Isabel Elena Peleteiro Vázquez acaba de publicar o seu libro “A visión da Galicia emigrada a Hispanoamérica en torno á discutida orixe galega de Cristóbal Colón” (Aliar ediciones, 2022), froito dunha Tese Doutoral na USC na que rastrex a visión dos emigrados galegos sobre a controversia suscitada pola presunta orixe galega de Colón.

A investigación de Peleteiro Vázquez, radicada actualmente en Galicia e interesada na Antropoloxía Cultural de América, parte dunha metodoloxía transversal, plural e interdisciplinar con perspectiva de xénero que ten como punto de partida a tese sostida polo pontevedrés Celso García de la Riega na súa obra “Colón Español. Su origen y patria” (1914).

Polas súas páxinas podemos



observar aspectos relevantes como o enigma historiográfico sobre a orixe de Colón, a tese galega da súa orixe como contido cultural, a emigración galega cara América como transmisora desa tese, a receptividade alí atopada e a visión cultural desa visión tanto nos intelectuais galegos emigrados como no imaxinario da muller emigrada.

Visibilízanse así os traballos e discursos das obras de mulleres

e homes divulgadores a través dos libros, xornais, revistas e facsímiles dos galegos emigrados alén do Océano Atlántico, e que atesouraron os contidos científico-culturais da tese do Colón galego en Hispanoamérica. Isto permitiu, ao mesmo tempo, contribuír na transmisión da cultura galega a nivel continental, actuando como auténticos dinamizadores culturais da emigración galega. As conclusións revelan a visión sobre a intensa apropiación deste contido que se converte nun feito cultural que, a partir deste estudo, fai unha viraxe cara Galicia.

Unha obra que contribúe a afondar na controversia historiográfica que sempre conserva a súa actualidade, en particular sobre as orixes dun dos personaxes históricos máis enigmáticos e investigados como é o caso de Cristóbal Colón.

Visitas nocturnas á Torre de Hércules

Despois do éxito das visitas nocturnas organizadas na Torre de Hércules polo 12+1 aniversario no Patrimonio Mundial da UNESCO, esta iniciativa regresa ao monumento. Durante os xoves de xullo, os días

7, 14, 21 e 28, poderase acceder ao faro en horario nocturno cunha visita guiada.

As entradas poderanse adquirir só de xeito presencial e estarán á venda no CIAV. Aplicaranse as tarifas habituais, cun custo

de 3 euros a xeral e 1,50 euros a reducida. Só haberá unha visita nocturna cada xoves e a capacidade estará limitada a 20 persoas por día. A actividade comezará ás 21.00 horas e terá unha duración aproximada de dúas horas.

PSdeG-PSOE reclama a reforma do Estatuto de Autonomía



O secretario xeral do PSdeG-PSOE e presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso reclamou a apertura dunha mesa de diálogo co PP e o BNG que permita abordar “unha reforma do Estatuto de Autonomía máis que necesaria”. Puxo así en evidencia os 13 anos de “inmovilismo e parálise” do PP, nos que Galicia saíu “prexudicada” ao non acadar ningunha nova competencia por parte do Estado, porque “dende a Xunta nunca se lle de-

mandou”.

Formoso realizou estas declaracións tras manter un encontro con representantes da executiva de CC.OO., e antes de participar no acto de conmemoración do 86 Aniversario do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936, organizado polo PSdeG no Panteón dos Galegos Ilustres. Na súa xuntanza sindical esixiu á Xunta que continúe a ruta marcada polo goberno do Estado para “aliviar a carga que sofren as familias e o tecido produtivo de Galicia”.

Turoperadores italianos visitaron o Camiño Inglés



A Asociación de Concellos do Camiño Inglés organizou unha viaxe de familiarización con esta ruta xacobeá para dous turoperadores italianos da Opera Romana Pellegrinaggi, Francesco Cocco e John D’Orazio, e o diácono Giancarlo Gandini, da diocese de Roma. A expedición percorreu o Camiño Inglés, facendo paradas en Ferrol, Pontedeume, Betanzos, Poulo (Ordes), Oroso, Santiago e A Coruña.

Esta visita ven tras a realizada en maio a Roma e na que se contou coa colaboración da oficina de Turespaña na capital italiana e a Deputación da Coruña. Toda vez os turoperadores italianos quixeron coñecer sobre o terreo os atractivos que pode ofrecer o Camiño Inglés aos seus clientes, o diácono veu a preparar a peregrinación que farán a finais de xullo polo Camiño Inglés para participar no Peregrinación Europea de Xóvenes 2022.

O ministro de Agricultura analiza en Monforte liñas de traballo agroalimentario e gandeiro na Ribeira Sacra

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, recibiu en visita oficial a Luis Planas Puchades, ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, co obxectivo de analizar a situación agroalimentaria da provincia de Lugo, e nomeadamente, do Concello de Monforte e do conxunto da Ribeira Sacra.

Na súa primeira visita á cidade de Monforte, o ministro foi recibido polo rexidor municipal e saudou a diversos membros da Corporación municipal que o agardaban á entrada da Casa Consistorial.

Logo da firma no Libro de Honra do Concello, o alcalde agradeceu ó ministro a súa visita a Monforte,

recordando que “facía 13 anos que un ministro do Goberno de España non visitaba Monforte, desde que o fixera en 2009 José Blanco, como ministro de Fomento”. Tomé salientou o apoio que o ministro manifestou á Monforte e á Ribeira Sacra, e convidouno “a vir pronto a Monforte para disfrutar da Ribeira Sacra”.

Luis Planas, manifestou sentirse moi honrado de visitar a cidade de Monforte de Lemos, “capital de la Ribeira Sacra, que produce un vino de extraordinaria calidad, que es un vino emergente en España y que se está imponiendo cada vez más en muchos mercados, y con mucha razón”. O ministro destacou as importantes accións

levadas a cabo polo Goberno nesta lexislatura en apoio á agricultura, á gandería e o mundo pesqueiro. Neste senso, destacou o apoio do Goberno ó sector lácteo, con máis de 169M€, ó sector cárnico, con 193M€ ou ó sector pesqueiro, con máis de 78M€.

Luis Planas avanzou que o obxectivo da súa reunión co alcalde monfortino é analizar “las perspectivas que tiene la ciudad, y del desarrollo de toda esta comarca, y de las posibilidades de futuro, pues como ministro soy un gran defensor de todo nuestro sector agroalimentario”.

Tras as declaracións que ambos mandatarios realizaron ós medios de comunicación, os equipos de



José Tomé e Luis Planas mantiveron unha reunión de traballo para analizar futuras liñas de acción e colaboración encamiñadas á “potenciación dun sector, o agropecuario, que ten moito futuro”.

Neste senso, alcalde e ministro

levaron a cabo un cambio de impresións sobre a situación da agricultura e gandería na Comarca de Lemos, na Ribeira Sacra e provincia de Lugo, “co obxecto de potenciar os seus produtos nos mercados nacionais e internacionais”.

Primeiro Viveiro de Empresas de Monforte

José Tomé, alcalde de Monforte, ven de informar da posta en marcha do que é o primeiro Viveiro de Empresas que existe no Concello de Monforte, coa oferta de cinco oficinas dotadas dos equipamentos necesarios para que as empresas que as soliciten poidan iniciar os seus proxectos de negocio.

“Dende o Concello”, sinala o

rexedor monfortino, “poñemos en marcha este Viveiro de Empresas, co obxectivo de favorecer a implantación de iniciativas empresariais e de contribuír á creación e posta en marcha de novas iniciativas económicas que potencien e diversifiquen o tecido empresarial e a xeración de emprego na nosa cidade”. Abriuse o prazo ata o 29 de agosto de 2022.

Este novo Viveiro de Empresas ubícase no Polígono Industrial do Reboredo, e é froito das obras de reforma que o Concello monfortino levou a cabo dende o mes de outubro de 2021 nunha nave propiedade municipal. Para este proxecto, o Concello contou cunha axuda da Xunta de Galicia que contribuíu a financiar esta actuación.

O alcalde decidiu que os espazos do novo Viveiro de Empresas deben fomentarse de forma gratuíta “co fin de axudar a dar os primeiros pasos a estas empresas emprendedoras, pois consideramos que unha persoa que empeza a construír o seu negocio, necesita ter as máximas facilidades posibles”.

Deste xeiro, o único coste que terán que asumir as empresas ubicadas será o coste dos subministros e consumos propios do local e a parte proporcional do



coste do espazos de usos comúns, e dicir, os custes de internet, telefonía, ou os gastos de limpeza.



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

Deséxalles
feliz Día de Galicia

Monforte, capital da Ribeira Sacra



A Deputación licita equipamento para a residencia de Ribas de Sil

A Deputación de Lugo deu dous pasos determinantes para poder cumprir coa previsión de abrir este ano o Centro de atención a maiores de Ribas de Sil. Trátase da licitación, por un importe conxunto de case 1m€, dos contratos para a dotación de equipamento da residencia, que sae a contratación por 332.000€, e para a prestación dos servizos básicos, cun orzamento de 610.000€.

Así o anunciou a voceira socialista do goberno provincial, quen explicou que o contrato de equipamento se divide en cinco lotes: mobiliario xeral; equipos médicos e axudas técnicas; lavandería; cociña; e cortinaxe. O prazo de entrega do material, unha vez asinado o contrato, será de dous meses.



Centro de atención a maiores en San Clodio.

No caso das prestacións básicas, o período de vixencia do contrato irá dende o vindeiro mes de setembro ata xuño do 2023, coa opción de tres prórrogas anuais.

“Son dous pasos determinantes para poder poñer en funcionamento a residencia de Ribas de Sil”, apuntou García Porto, que engadiu que no que respecta á rede de centros públicos de atención a maiores da Deputa-

ción, na Xunta de Goberno deste venres tamén quedou aprobada a licitación do contrato para a prestación de servizos básicos na residencia de Meira por un importe de preto de 710.000€. “Neste caso, o que facemos agora é sacar a licitación un novo contrato para as prestacións básicas, tendo en conta que remata o que está en vigor”, sinalou a voceira.

A Deputación acondicionará o Centro Ocupacional de Viveiro

José Tomé Roca, presidente da Deputación, asinou co María Loureiro, alcaldesa de Viveiro, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial aporta ao Concello o 90% do financiamento necesario (preto de 45.000€), para acometer as melloras necesarias no exterior do Centro Ocupacional do municipio marián. O centro está xestionado por Aspanane, unha asociación que atende a 44 persoas con discapacidade intelectual e as súas familias e desenvolve unha labor social moi importante na comarca. O Concello achegará pola súa banda os 5.000€ restantes para completar o orzamento necesario para acometer as obras, que ascende, desta forma, a un total de 50.000€.

O proxecto contempla o acondicionamento do recinto exterior pechado co que conta este centro, que estará destinado ao lecer dos usuarios e usuarias de ASPANANE. As obras consistirán na ampliación da zona asfaltada, que permita a correcta circula-



José Tomé con María Loureiro.

ción polo perímetro do edificio, e a creación dunha ampla zona verde para conseguir espazos agradables. Así mesmo, o proxecto inclúe a realización dunha drenaxe perimetral do edificio para evitar así as filtracións de auga no interior do inmo-

ble. O presidente da Deputación subliñou que con esta achega económica a institución dá resposta a unha demanda da Alcaldesa, quen mantén un compromiso absoluto con Aspanane polo gran traballo que realizan e o seu esforzo diario. Unhas actuacións, explica o mandatario provincial, que servirán para mellorar as infraestruturas desta entidade social que desenvolve

un labor primordial para coas persoas con discapacidade intelectual da Mariña.

Aspanane, que conta con 224 socios, é un referente na Mariña na atención de persoas con discapacidade intelectual. A Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro manteñen unha estreita colaboración coa mesma. De feito, a institución provincial tivo un importante papel na mellora e ampliación das instalacións do seu centro ocupacional. Aspanane presta ademais servizo de atención e asesoramento a todas as familias que o necesiten, actividades deportivas, culturais, lúdicas, obradoiros de carpintería, serigrafía.

A ruta de Salgueirón, en Carballedo, terá novos accesos

A Xunta de Galicia acaba de licitar por un importe de case 100.000 euros as obras de acondicionamento dos accesos á ruta de Salgueirón, no Concello de Carballedo. A intervención prevista, cun prazo de execución dun mes, consistirá na posta a punto de varios camiños locais no lugar da Barrela, capital do municipio lucense, que serven de acceso ao referido itinerario.

Previamente, procederase á limpeza do treito, que presenta tres anchuras—a máis ampla de 4 metros e a máis estreita de 2,5 metros—, atravesando unha zona rodeada de arboredo autóctono,

sobre todo carballos e castaños, e algúns prados. En concreto, abriranse cunetas nos camiños, agás na zona con menor anchura, colocaranse tubos para facilitar a saída da auga e aplicárase firme de saburra compactada e tamén de formigón.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asumirá o 70% do custo das obras e o Concello de Carballedo achegará o 30% restante, tal e como figura no convenio subscrito o pasado mes de marzo entre a conselleira Ángeles Vázquez e o alcalde Julio Yebra para fixar os termos da súa colaboración técnica e económica.

Proxecto artístico na alvariza de Bustelo de Fisteus



A Xunta de Galicia colabora nun proxecto artístico e de investigación sobre o patrimonio inmaterial vencellado ao Camiño de Santiago que pon en valor a técnica da pedra seca cunha intervención escultórica da artista Lucía Loren nunha alvariza da aldea modelo de Bustelo de Fisteus (Quiroga).

O delegado territorial do Goberno galego, Javier Arias destacou o cariz divulgativo do proxecto, “que servirá para reforzar o interese da poboación local, peregrinos e turistas por esta técnica construtiva incluída recentemente na lista representativa do patrimonio inmaterial da UNESCO”. Nese sentido, salientou que constituirá “un recurso artístico, turístico e museístico para o territorio de Quiroga e para a contorna”.

Turismo de Galicia programa de xeito paralelo accións educativas orientadas principalmente a escolares, como a visita guiada a unha alvariza; o desenvolvemento dun proxecto educativo da Central Folque co CEIP de Quiroga que inclúe obradoiros relacionados co mundo do mel e con danzas ancestrais vinculadas ás abellas; ou unha charla sobre a ruta xacobeana por parte da Asociación de Amigos do Camiño de Inverno na Ribeira Sacra.

O traballo da artista Lucía Loren, especializado en contornas naturais, reflexiona sobre o concepto de paisaxe cultural. A proposta na alvariza de Bustelo de Fisteus inclúe un obradoiro participativo que contribúe a fomentar a difusión pública e transmisión desta técnica tradicional.

Redacción LUGO

Oito concellos mellorarán os seus polígonos empresariais

A Xunta de Galicia vai mobilizar 1,6 m€ en oito concellos da provincia de Lugo para que poidan mellorar as infraestruturas e servizos dos seus polígonos empresariais e implantar viveiros industriais. Francisco Conde, vicepresidente económico e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, visitou no parque empresarial de Bóveda a parcela onde se instalará o futuro viveiro industrial —que albergará despachos, zonas de servizo e un taller de formación— cun investimento público-privado de 300.000 euros.

Na provincia construíranse novos viveiros en tres concellos cunha mobilización de case 1 M€ de investimento público-privado: Bóveda, Cospeito (que ta-



Os apoios buscan ser unha chamada a novos investimentos.

mén recibe axudas para a mellora do parque empresarial) e Baleira. Por outra banda, son seis os concellos lugueses beneficiados con axudas para a mellora de infraestruturas nos polígonos industriais, que suman na provincia un investimento público-privado mobilizado de case 630.000 eu-

ros. Ademais de Cospeito, son: Sarria, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Cervo e Xove.

Conde apuntou que estas dúas liñas de apoio están pensadas para fortalecer o tecido empresarial dos concellos galegos desde o punto de vista da competitividade e as infraestruturas.

Plan integral para o regadío en Val de Lemos

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) e Antonio López, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, rubricaron o convenio de colaboración para a posta en marcha dun plan integral de aproveitamento agronómico do regadío no Val de Lemos en Monforte de Lemos.

O convenio, cuxa investimento estimado supera os 290.000 euros, ten por obxecto determinar as condicións que rexerán os traballos e o financiamento dos mesmos, establecendo un prazo de execución de 18 meses, salvo que as partes acorden unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais. Os traballos contidos no plan ofrecerán un diagnóstico integral da zona de regadío do Val de Lemos e unha proposta de accións para o seu desenvolvemento futuro sostible como acción cruce para a sustentabilidade da agricultura e a loita contra o cambio climático.

As actuacións proxectadas estrutúranse en 10 fases que se

inician coa recompilación, análise da documentación existente e traballos previos, para continuar con traballos de campo, elaboración de planos e fichas, caracterización e elaboración do SIG e as Bases de Datos Espaciais, diagnóstico social da comunidade de regadores, proposta da folla de roteiro para a desafectación de parcelas de rega, proposta de modelos de cultivo, deseño e posta en marcha de plan de difusión con investidores para, como última fase, proceder á elaboración da documentación e os entregables do proxecto.

“Básicamente trátase da poñer en marcha unha folla de roteiro que desbloquee e achegue solucións aos principais problemas da actividade agraria e ao aproveitamento sostible da auga por parte da comunidade de regadores do Val de Lemos”, explicou Quiroga.

“Por outra banda hai que destacar que os resultados deste estudo permitirán a captación de fondos procedentes da Unión



José Antonio Quiroga con Antonio López.

Europea (Next generation), en especial aqueles ligados ao desenvolvemento da agricultura sostible e o pacto verde europeo” matizou o presidente.

“O obxecto do estudo xorde sobre a base de dar solución a unha problemática que vén de moi atrás e que, ademais, supoñerá a posta en marcha novas actividades económicas xeradoras de emprego de alto valor, necesarias para estabilizar e fixar poboación rural; unha aposta moi firme que está a levar a cabo o Goberno de España desde o inicio da lexislatura” concluíu o presidente.

Chantada ampliará as prazas da escola infantil pública



Visita ao centro de día público autonómico.


A Xunta de Galicia e o Concello de Chantada acordaron ampliar en 18 prazas a escola infantil pública autonómica. A conselleira de Política Social e Xuventude, Fabiola García, acompañada do delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, e do alcalde, Manuel Lorenzo Varela, visitou o centro e examinou as necesidades do mesmo para efectuar a súa ampliación das 56 prazas actuais a un total de 74.

Deste xeito, durante o verán desenvolverase a obra para que no vindeiro curso 2022/2023 xa sexa efectiva o incremento desta nova unidade. O Concello será o encargado de realizar unha obra sinxela aproveitando un espazo xa existente, e a Xunta de Galicia asumirá o seu equipamento e o

persoal necesario.

A conselleira de Política Social e Xuventude salientou que o aumento de prazas permitirá rematar coa lista de agarda no municipio e, desta maneira, cumprese cunha demanda da veciñanza da localidade lucense. Recordou que para o vindeiro curso os pais de Chantada non só contarán cunha escola infantil máis ampla, senón tamén terán gratuíta a atención educativa para todos os fillos, pois a Xunta de Galicia porá en marcha a gratuidade total nas escolas infantís. Actualmente, a gratuidade xa se aplica para os segundos fillos e seguintes. Con esta medida, as familias que levan a un fillo á escola infantil aforrarán de media entre 1500 e 2000 euros ao ano pola atención educativa.

ANTOMS



Redacción LUGO

A praia fuvial, motivo de enfrontamento entre Xunta e Concello de Lugo

Javier Arias Fouz, delegado territorial da Xunta en Lugo, lembrou á alcaldesa de Lugo que as conclusións do último informe da Xunta sobre a localización da praia fluvial son as mesmas que xa comunicaron nun primeiro informe que data de xaneiro de 2018.

“Non entendemos como a alcaldesa sinala que estaban agardando polas conclusións do último informe; que se fagan os sorprendidos e que falen de boicot da Xunta, cando levamos catro anos dicindo o mesmo. A Xunta de Galicia non se moveu

neste sentido e sempre apuntou a necesidade de facer un estudo da barimetría e do caudal antes de realizar a actuación, ademais de comprobar a presenza de especies. O problema aquí é que o Concello tampouco se moveu para avanzar neste proxecto desde hai máis de catro anos”.

Neste sentido sinalou que “o primeiro dos informes remitido polo Servizo de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é de xaneiro de 2018, e as conclusións e os requirimentos que se fan son iguais aos enviados

ao Concello e á Confederación Hidrográfica Miño-Sil o pasado martes. Tiveron moito tempo para facer estes estudos e comprobacións nas épocas adecuadas”.

Por outra banda, Arias Fouz cre que no que atinxe aos riscos para a seguridade nesta zona do río, pola escasa profundidade, os problemas de calado, os afloramentos rochosos e as fortes correntes en caso dunha subida do caudal, son cuestións que “todos os lucenses saben, e que calquera pode ver e comprobar nas épocas de verán”.

Axudas á pemes para a innovación empresarial



As solicitudes duplicaron ás de 2020, pasando a un 13% do total.

Patricia Argerey, directora da Axencia Galega de Innovación, animou ás pequenas e medianas empresas da provincia de Lugo a dar o paso de innovar na benvida á xornada informativa sobre a nova liña de axudas Bonos de Innovación celebrada de xeito presencial en Lugo e en modalidade en liña, en colaboración coa Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) no marco da iniciativa Conecta Lugo. Na xornada participaron tamén representantes das empresas lucenses Aresa e Himikode, beneficiarias da orde de axudas InnovaPeme, que expuxeron a súa experiencia nunha mesa redonda.

Argerey apuntou que a innovación é a esencia da competitividade e permite ás pemes diferenciarse, achegar valor, adaptarse á contorna e medrar. Para apoiar ás pemes neste proceso, a Axencia

Galega de Innovación, acaba de convocar os Bonos de Innovación, unha liña de axudas dirixida precisamente a autónomos, micro, pequenas e medianas empresas que queiran comezar a innovar e que precisen facelo dun xeito inmediato para dar resposta ás súas necesidades.

Este novo instrumento, cuxo prazo de solicitude está aberto ata o vindeiro 11 de xullo, completa o mapa de apoios á I+D+i da Xunta de Galicia, abranguendo todas as etapas do proceso innovador e todos os axentes do ecosistema. O programa cobre o 70% dos custos de contratación de servizos profesionais externos (prestados por consultorías, entidades certificadoras, centros tecnolóxicos, provedores tecnolóxicos, etc), que permiten reforzar as capacidades internas da empresa mellorando a súa competitividade.

VII Congreso de Voluntariado Galego en Sober

Fabiola García, conselleira de Política Social e Xuventude, agradeceu o papel das entidades sociais e das persoas voluntarias na construción dunha Galicia mellor. Fíxoo durante a inauguración do VII Congreso de Voluntariado Galego que se celebrou en Sober e ao que asistiron un cento de persoas entre voluntarios e representantes de entidades sociais e locais promotoras de accións voluntarias.

Fabiola García lembrou que Galicia é unha comunidade solidaria con ganas de axudar e ofrecer apoio a quen peor o está a pasar. Neste sentido, apuntou que desde o ano 2014, cando se puxo en marcha o rexistro de accións voluntarias, incrementáronse en máis de 250 as entidades dadas de alta no Rexistro da Xunta ata acadar as máis de 1.000 e disparouse o número de persoas voluntarias. Actualmente hai máis de 52.000



En Galicia máis de 52.000 persoas destinan o seu día a día en axudar aos demais.

persoas que destinan o seu día a día a axudar aos demais.

Así mesmo, destacou que o Goberno galego traballa na conformación da Estratexia de Acción Voluntaria 2027. Un documento que servirá para mellorar as experiencias dos voluntarios e deseñar novas iniciativas e proxectos destinados para eles. Durante o Congreso, realizarase unha mesa de traballo na que compartir opinións de cara á

conformación deste documento.

Durante o congreso entregáronse os premios de Acción Voluntaria que o Goberno galego destina a entidades e persoas voluntarias. En concreto, no pasado ano 2021, estes premios foron destinados á Asociación Banco de Alimentos Rías Altas, ao voluntario José Ramón Miñó Dieste e a Federación de Asociación de Persoas Xordas de Galicia (Faxpg).

Proxección na rúa da Gran Aventura

Na praza do Concello de Sober proxectouse en pantalla xigante a través de ‘Cine da Rúa’ o último filme de Dani de la Torre, a película ‘Live is Life. La gran aventura’. O rexedor, Luis Fernández Guitián, destaca a importancia deste evento

por dous motivos. “Dun lado agradecerlle a Dani de la Torre que elixira Sober como un dos escenarios da súa nova película. E en segundo lugar, poder achegar este filme a todos os veciños e veciñas de xeito totalmente gratuíto”, precisa.

Área de autocaravanas en Sober



Unha área de autocaravanas inaugurouse en Pacios, parroquia de Bolmente (Sober). Ten capacidade para 35 vehículos. Cristina Rodríguez, residente en Vigo, e nativa de Sober é a promotora da iniciativa. As instalacións de nove mil metros ca-

drados admiten mascotas e dispoñen de piscina, parque infantil y una zona con barbacoas. Asistiron á presentación veciños de Bolmente e do Concello, así como o alcalde Luis Fernández Guitián e a diputada autonómica Raquel Arias, tamén naturais de Sober.

Avanza o proceso de constitución da AECT Raia Seca- Xurés-Gerês

Celebrouse unha reunión de traballo para avanzar na constitución da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Raia Seca Xurés-Gerês. O vicepresidente segundo da Deputación explicou que “imos de ter a primeira reunión cos concellos da provincia de Ourense para constituír esta AECT, entre os concellos lusos da Reserva da Biosfera Xurés-Gerês e a Raia Seca ourensá, concretamente os municipios pertencentes a esta reserva e, ademais, os que limitan coas cámaras lusas integrantes”.

César Fernández resalta que, con esta reunión, avánzase na definición dos “obxectivos e as liñas de traballo fundamentais, e a partir de aí marcámonos como horizonte tela constituída antes



Informouse sobre a posta en marcha da agrupación europea.

de finais do 2022”.

Na reunión estiveron a alcaldesa de Bande, Sandra Quintas; o alcalde de Cualedro, Luciano Cuquejo; o alcalde de Entrimo, Ramón Alonso; a alcaldesa de Lobios, María del Carmen Yáñez; o alcalde de Monterrei, José Luis

Suárez; a alcaldesa de Oímbra, Ana Villarino; o alcalde de Pardenda, Manuel Pérez; o alcalde de Quintela de Leirado, José Antonio Pérez; o edil de Baltar José Antonio Feijóo; o edil de Lobeira Antonio Álvarez e a técnica de Calvos de Randín Cristina Salgado.

A Xunta mellorará sete polígonos e construírá dous novos viveiros industriais

A Xunta de Galicia anunciou un investimento de 565.000 euros en melloras e equipamento de sete polígonos empresariais desta provincia, así como na construción de dous novos viveiros industriais. Así o anunciou o delegado territorial da Administración autonómica en Ourense, que transmitiu persoalmente ao presidente da Asociación do Polígono de San Cibrao a concesión de 40.000 euros para mellorar a rede troncal de video-vixilancia do devandito polígono.

Na provincia ourensá saen beneficiados por este paquete económico de axudas da Xunta os parques empresariais de Vilamarín, Celanova, Vilar de Santos, Cortegada, San Cristovo de Cea e Pereiro de Aguiar, ademais do mencionado de San Cibrao. No caso das axudas a empresas e empresarios radicados nestes polígonos, serán dun máximo de 120.000 euros por



Reunión empresarial en San Cibrao das Viñas.

proxecto, e poderán estenderse anticipos do 25% da axuda concedida.

Os viveiros de nova creación que anuncia a Xunta serán os do Carballiño e A Veiga, que se expoñen “co obxectivo de favorecer novas actividades de carácter industrial, o nacemento de novas empresas e axudar aos empresarios

nas primeiras etapas de actividade”. Segundo o delegado, Gabriel Alén, con estas dúas liñas de axudas de apoio, a Xunta aposta polo fortalecemento do tecido industrial da provincia mellorando a súa competitividade, así como a modernización das infraestruturas de apoio ao tecido empresarial da Comunidade.

BNG e Iniciativa por Xunqueira queren acadar a Alcaldía no 2023



O Bloque Nacionalista Galego e Iniciativa por Xunqueira sumarán forzas no Concello de Xunqueira de Ambía nunha candidatura do BNG de cara ás vindeiras Eleccións municipais do ano 2023.

Así o fixeron público desde BNG e Iniciativa por Xunqueira, sinalando que “esta incorporación supón un aporte moi importante ao BNG e un paso adiante para seguir traballando polo futuro de Xunqueira de Ambía, coa vista posta en acadarmos para o BNG a Alcaldía

no ano 2023” explicaron.

Produto desta suma, o pasado 6 de maio, constituíase a Asemblea Local do BNG nesta localidade, que terá como responsábeis locais de maneira compartida a Sonia Vidal Lamas, actual concelleira de Iniciativa por Xunqueira, e a Vanessa Díaz Meno.

Tanto Vidal como Díaz coincidiron en sinalar que “hoxe damos este importante paso con toda a ilusión, para avanzar e sumar co BNG por un futuro mellor para Xunqueira de Ambía e para Galiza”, concluíron.

A Merca humanizará a contorna da igrexa de Santa Eulalia de Parderrubias



Ángeles Vázquez e José Manuel Garrido.

A Xunta e o Concello da Merca estudarán o proxecto para humanizar a contorna da igrexa de Santa Eulalia de Parderrubias, segundo trataron a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde, José Manuel Garrido. A Xunta fará a supervisión técnica dun

proxecto que podería enmarcarse nos obxectivos do plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego hai máis dunha década co fin de axudar ás entidades locais a executar proxectos urbanísticos destinados á creación, mellora e humanización de infraestruturas de uso público e colectivo.

Proxecto 'Xuventude embaixadora dixital' na eurocidade Chaves-Verín

Jesús Gamallo, director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e Cristina Pichel, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, participaron na xornada 2022: Ano Europeo da Xuventude, organizada pola Fundación Galicia Europa na sede da Eurocidade Chaves-Verín.

O obxecto principal desta iniciativa foi alentar á xuventude con menos oportunidades a converterse en cidadáns activos e actores dun cambio positivo, así como promover e fomentar as oportunidades que a Unión Europea ofrece para que a mocidade galego-portuguesa poida acadar un maior desenvolvemento persoal, social e profesional.

Formaron parte da xornada profesionais especializados en políticas e programas comunitarios de Galicia e do Norte de Portugal, xestores e promotores, e tamén máis de 50 mozos e mozas, emprendedores e empresarios da comarca, así como representantes de entidades relacionadas coa xu-



ventude e a Unión Europa.

Jesús Gamallo avogou por apoiar as capacidades persoais que a mocidade das zonas rurais posúe e poñelas en valor ante o pequeno empresariado do lugar, así como convidar á mocidade a desfrutar das oportunidades que a UE presenta no Ano Europeo da Xuventude. Valorou positivamente este novo proxecto que aborda a transformación dixital e capacita aos mozos, as pemes e as institucións transfronteirizas; e ademais vai mellorar as capacidades formativas, profesionais e un mellor

coñecemento das ferramentas dixitais cunha relevante integración nas súas comunidades locais.

Pola súa banda Cristina Pichel resaltou o compromiso da Xunta de Galicia co impulso da mocidade para fomentar o seu talento, a súa formación ou o acceso ao mercado laboral. Loou a xornada levada a cabo na Eurocidade baixo a Efeméride do Ano Europeo da Xuventude, que se celebra neste 2022. Recordou que se están a levar a cabo os traballos para elaborar a nova Estratexia para a mocidade galega 2022-2027.

A Festa do Polbo do Carballiño xa é de Interese Turístico Internacional

A Festa do Polbo do Carballiño lévase celebrando de maneira ininterrompida desde 1962 o segundo domingo de agosto de cada ano, cumprindo por tanto este ano a súa 60 edición. Tras ser declarada o 12 de xullo de 2012 como Festa de Interese Turístico Nacional polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, decídese desde o Concello do Carballiño rexistrar a marca, tanto da festa como da mascota. En abril deste ano o Concello presentou a solicitude ao Estado para a declaración da Festa do Polbo como Festa de Interese Turístico Internacional co informe favorable da Xunta de Galicia e foi concedida en xullo de 2022 pola Secretaría de Turismo do Goberno central.

Son anos ininterrompidos de festa e historia (a excepción do 2020, onde a festa se celebrou

de xeito máis simbólico polas restricións derivadas da Covid-19) que poden parecer insignificantes se se lles compara cos máis de tres séculos desde a introdución deste produto mariño nas terras do interior de Galicia, pero que resultaron ser máis que suficientes para alcanzar a cualificación da maior manifestación gastronómica de Galicia.

É pois unha romaría contemporánea, que conserva, con todo, todos os ingredientes das antigas romarías galegas. O seu éxito parte, sen dúbida, do seu entroncamento cunha das manifestacións gastronómicas máis exclusivas e antigas de Galicia, a degustación do "Pulpo á Feira", sendo a localidade de Santa María de Arcos, lindeiro co Carballiño e a cuxo concello pertence, o seu berce, ou máis ben, o das "pulpeiras" e "pulpeiros", auténticos

artesáns da súa preparación e garantes por tradición familiar e secular de todos os seus segredos de elaboración.

Potenciar turismo interior

O PSdeG de Ourense destaca, nun comunicado enviado a esta Redacción, o importante pulo levado a cabo polo Concello de O Carballiño e a Secretaría de Turismo do Goberno de España para que a Festa do Polbo pase a ser de Interese Turístico Internacional. Os socialistas salientan que con esta declaración "potenciarase" unha das festas de maior relevancia da provincia, "atraendo" un maior número de visitantes e dando "maior visibilidade" ao traballo dos carballiñeses e carballiñesas por potenciar esta cita cultural, festiva e gastronómica.

O deputado no Congreso polo PSdeG-PSOE de Ourense, Adolfo Pérez Abellás, salienta que con

Axudas para Centros de información á Muller



A secretaria xeral da Igualdade, Susana López, informou sobre estas axudas.

A Xunta investirá este ano máis de 1,6 millóns de euros na provincia de Ourense a través das axudas dirixidas a apoiar os 17 centros de información á muller cos que se dá cobertura a 59 localidades ourensás; e a financiar os programas locais destinados a promover a igualdade, previr e tratar a violencia de xénero e fomentar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar dos concellos, consorcios ou mancomunidades galegas.

Para o fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar, destínanse máis de 450.000 euros en Ourense co que se estima poder apoiar a 1.049 familias e 1.378 menores. A segunda liña, con máis de 300.000 euros de orzamento, céntrase na promoción da igualdade e da prevención e trata-

mento da violencia de xénero.

A terceira liña ten como obxectivo apoiar a rede de centros de información ás mulleres (CIM), integrada actualmente na provincia de Ourense por 17 centros que dan cobertura a un total de 59 concellos. Salientan os casos do CIM do Carballiño co que se dá cobertura a un total de nove concellos (Beariz, Boborás, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro, San Cristovo de Cea); o caso do CIM da Mancomunidade Terra de Celanova no que se ofrecen servizos para oito concellos (A Merca, Cartelle, Celanova, Gomesende, Pontedeva, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereas); ou o CIM da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín con cobertura en sete localidades (Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín, Vilardevós).



esta declaración "potenciamos non só a vila do Carballiño, senón a provincia de Ourense, dándolle maior visibilidade a nivel internacional e promocionando a nosa cultura e gastronomía, que son únicas, por todo o mundo". O parlamentario ourensán, que exerce como voceiro da Comisión de

Industria, Comercio e Turismo desde febreiro de 2020, tamén pon de manifesto que esta declaración "é unha oportunidade única para atraer un maior número de visitantes a nosa provincia, potenciar o turismo de interior e pór en valor o rural ourensán e o interior de Galicia".

A Xunta investirá no Campus Terra de Lugo



O Campus Terra de Lugo xogará un papel fundamental, dixo Rueda.

A lfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia e Román Rodríguez, conseleiro de Cultura, entregaron acreditación do Campus Terra de Lugo como campus de especialización, o segundo de Galicia tras o Campus Industrial de Ferrol. Anunciaron que O Consello da Xunta aprobará un convenio coa USC para a posta en marcha do Plan Operativo do Campus Terra 2021-25, que permitirá seguir traballando no obxectivo de convertelo “nun referente científico e social nos ámbitos do coñece-

mento vinculados á sustentabilidade económica, social e medioambiental dos recursos da terra”.

A Xunta leva investidos 23 millóns de euros nos campus de especialización galegos, dos que 8,7 millóns foron para o Campus Terra, ao que agora se sumarán outros 4 millóns co obxectivo de planificar unha folla de ruta baseada na docencia, investigación, interacción co tecido produtivo, gobernanza e transparencia, e que fará especial fincapé na produción vexetal e na agricultura

sustentable, na produción e saúde animal, na alimentación segura e saudable e na xestión forestal sustentable.

Esta nova inversión permitirá avanzar na interacción co tecido produtivo, tendo en conta que nos anos previos á súa acreditación, o Campus Terra foi quen de asinar un total de 422 contratos e convenios con distintas institucións, captou recursos por valor de 9,5 millóns e obtivo 182.500 euros por ingresos de explotación de licencias de patentes.

X edición de Xuvenciencia na Campus de Lugo



O delegado da Xunta asistiu a Xuvenciencia.

Celebrouse en Lugo a décima edición de Xuvenciencia, que organiza o Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela e conta co apoio da Xunta de Galicia a través dun convenio de colaboración polo que achega 10.000 euros.

Este campus de verán ofrece o primeiro contacto coa universidade a 95 mozos e mozas de 4º de ESO e BAC, así como de ciclos medios de FP, que

poideron elixir entre 16 proxectos e 13 talleres e actividades. O obxectivo desta proposta é fomentar o interese polas titulacións científicas, técnicas, sociais e humanísticas e atraer alumnado cara a estas disciplinas amosando o potencial do Campus Terra. A estratexia da Xunta de especialización dos campus, pioneira en España, pretende dotalos de identidade propia ligada ás potencialidades de cada entorno.







Manzaneda
Estación de Montaña





Piscina y circuito termal



Tirolina



Bike Park



Parque Multiaventura



Rutas a caballo



Tiro con arco

Telesilla turístico

Senderismo

Pistas deportivas

Rocódromo infantil

Paintball

Rutas bici eléctrica

Eventos en la Estación

ABRIL

24 abril Transgalicia FINALIZADA

MAYO

1 mayo II Manzaneda DHI FINALIZADA

6-8 mayo Marcha moto-turística Adventure Galicia FINALIZADA

21 y 22 mayo Downhill Spain 2022 FINALIZADA

JUNIO

5 junio Enduro Manzaneda Bike Park FINALIZADA

25 y 26 junio Extrema Manzaneda FINALIZADA

25 y 26 junio Campeonato Galego de Aguas Doces Chantrexa de Ourense FINALIZADA

JULIO

2 julio Oía Verán! FINALIZADA

10 julio III Manzaneda DHI



AGOSTO

6 y 7 agosto IV Manzaneda DHI Mini DH Manzaneda



SEPTIEMBRE

17 septiembre Volta Ciclista a Galicia



17 y 18 septiembre BMW Challenge



OCTUBRE

1 y 2 octubre Challenge MTB Manzaneda



8 octubre Duatlón Cross Manzaneda

19-23 octubre Volta Motociclista Galicia

NOVIEMBRE

31 diciembre San Silvestre Manzaneda



Eellas cantan

junio, julio y agosto 2022

21:30 h

REPÚBLICA GALEGA



Sabela Cereijo
2 julio



Skarojazz
9 julio



Law
16 julio



Mar de Fado
23 julio



Carla Lourdes
30 julio



Soul & Roll
6 agosto



Habana Feeling
13 y 27 de agosto



Carolina Rubiresa
28 agosto

ORGANIZA



988 30 90 90

manzaneda.com

PATROCINAM







COLABORAN





